

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 1 DE OUTUBRO DE
NÚM. 11/2015.-**

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO. (CxG-CCTT).

CONCELLEIROS:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS (CxG-CCTT).
D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL. (CxG-CCTT).
D. MIGUEL ÁNGEL MEDELA DOBARRO. (CxG-CCTT).
D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA. (CxG-CCTT).
D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO. (CxG-CCTT).
D. NICOLÁS GONZÁLEZ CASARES (PSdeG-PSOE).
D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS. (PSdeG-PSOE).
D. JOSE MANUEL HERMIDA ARIAS (PSdeG-PSOE).
D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA. (APAC).
D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS. (PP).
D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA. (PP).
D^a. MARÍA ÁLVAREZ PAZ. (PP).
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (PP).
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (PP).
D^a. RAQUEL LORENZO FERNÁNDEZ. (PP).
D^a. EVA MARÍA MONTOTO MÉNDEZ. (PP).
D^a. MARÍA JOSÉ SENANDE MÉIJOME. (PP).

SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA XERAL: D^a. MARTA OVIEDO CREO.

Ausente:

D. XOSÉ MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ. (BNG).

ÍNDICE:

1.- Aprobación, se procede, da acta N° 10/2015 da sesión extraordinaria celebrada o día 27 de agosto de 2015.....	páx.4
2.- Decretos de Alcaldía. Dación de Conta.....	páx. 5
3.- Corrección de erros.....	páx. 7
4.- Escrito de renuncia á súa condición de Concelleiro de D. Xosé Manuel López Fernández.....	páx. 7
5.- Mocións de Grupo de Goberno.....	páx. 8
5.1.- Moción do grupo de goberno para que se tomen medidas por parte da administración para por fin á crise de prezos do sector lácteo.....	páx. 8
5.2.- Moción do grupo de goberno para a posta en marcha da Comisión do Rueiro de Lalín.....	páx. 11
5.3.- Moción do grupo de goberno sobre a situación da sección en Lalín da Escola de Gaitas e percusión da Deputación de Pontevedra.....	páx. 13
5.4.- Moción do grupo de goberno para dotar a Lalín dunha unidade de Hemodiálise Tradicional Ambulatoria Pública con todas as garantías de persoal e medios técnicos.....	páx. 16
5.5.- Moción do grupo de goberno para o traslado da placa dos represaliados a Lalín.....	páx. 18
5.6.- Moción do grupo de goberno relativa ao Regulamento da organización e funcionamento do Consello Municipal de Benestar Social.....	páx. 21
6.- Mocións do PP.....	páx. 23
6.1.- Moción do PP sobre a continuidade da Escola de Gaitas e Percusión da Deputación en Lalín.....	páx. 23
6.2.- Moción para a Promoción do Leite Galego no Concello de Lalín.....	páx. 23
6.3.- Moción sobre o Proxecto do Sector Porcino na Comarca do Deza	páx. 25
6.4.- Moción para a adhesión de Lalín ao Plan de Transporte metropolitano na área de Santiago de Compostela.....	páx. 26
6.5.- Moción sobre a apertura do Rexistro Municipal polas tardes.....	páx. 28

7.- Comparecencia de D. Nicolás González Casares.....	páx. 30
8.- Rogos e Preguntas.....	páx.31

Sendo as dez horas do **xoves, día 1 de outubro de 2015**, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Luís Cuíña Aparicio*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas*.

Actúa como Interventora Xeral *D^a. Marta Oviedo Creo*.

Non asiste D. Xosé Manuel López Fernández (BNG).

De orde do Sr. Presidente, e seguindo as súas instrucións, entrouse no estudo e na deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA Nº 10/2015 DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 27 DE AGOSTO DE 2015.

Deuse conta pola Presidencia do borrador da acta nº 10/2015 da sesión ordinaria celebrada o día 27 de agosto de 2015. De seguido o Sr. Presidente preguntoulles aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren á mesma.

Por parte do edil, ***D. José Antonio Rodríguez Fernández***, pedíronse as seguintes rectificacións ao dito borrador:

- A). Na páxina 23 na parte dispositiva do punto 2.-, onde dí: A elaboración dunha métrica para poder analizar a súa elaboración, debía constar o que el pasou á edil *D^a. Lara Rodríguez Peña*:

A elaboración dunha métrica para poder verificar o grao de cumprimento das determinacións da dita Ordenanza reguladora da transparencia.

- B). Na páxina 37, antes da votación e despois da intervención do Sr. Secretario debía constar que o Sr. Alcalde dixo que aínda que o *Sr. Secretario tiña dúbidas, el ía votar afirmativamente a moción e o texto proposto*.

- C). Na páxina 38, ó final da parte dispositiva, suprimir:

O Servizo contará, cando menos, cunha persoa en dedicación exclusiva, que recibirá o nome de Normalizador/Lingüística Municipal.

- D) Na páxina 37 o apelido non era correcto; constaba *González* e era *Fernández*.

Por parte de ***D^a. Paz Perez Asorey***:

- E). Na páxina 27 nas súa intervención debía constar que a xuntanza a tivo co Sr. Xerente

do Consorcio D. Roberto Rodríguez Martínez.

- F). Na páxina 27 onde pedía que se reclamasen as liquidacións dos anos 2013-2014, tamén pedía que se mantivese o persoal.

- G). Na páxina 27 pediu que se inclúa a solicitude dun convenio marco.

Diante destes puntos, **o Sr. Secretario** indicou que:

- No punto A, transcribiu o texto do documento que lle entregaron os participantes no debate.

- No punto B, indicou que a acta era un resumo, non un diario de sesións.

Respecto ao punto B), interveu o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, que indicou que non tiña problema en que se fixera constar en acta as ditas verbas que eran as súas.

- No punto C, non tiña problema en admitilo, xa que se falou dese tema no debate, e todos estaban de acordo.

- No punto D referente ás conversas co xerente do Consorcio, non lle constaba; non obstante non tiñan ningún problema en facelo constar se todos estaban de acordo.

- No punto seguinte E, do persoal e da liquidación, tampouco tiña problema en admitilo, aínda que en parte xa estaba recollido no borrador.

- No punto seguinte, non procedía, porque xa constaba no punto terceiro do dito acordo.

Con todas estas matizacións, por **UNANIMIDADE** dos asistentes aprobouse a dita acta de 27 de agosto de 2015, ordenándose a súa transcripción ao Libro de Actas.

2.- DECRETOS DA ALCALDÍA. DACIÓN DE CONTA.

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía dende a última relación comunicada a este órgano.

O Concello Pleno quedou enterado.

3.- CORRECCIÓN DE ERROS.-

Este punto da orde do día, a instancia do Sr. Presidente e por **UNANIMIDADE** dos asistentes retirouse da sesión.

4.- ESCRITO DE RENUNCIA Á SÚA CONDICIÓN DE CONCELLEIRO DE D. XOSÉ

MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ. DACIÓN DE CUENTA.-

Deuse conta pola Presidencia do escrito de D. Xosé Manuel Fernández López de data 3 de setembro de 2015, entrada municipal do día 5 de setembro, nº 6009, no que se comunica a súa renuncia ao cargo de concelleiro de Lalín e pide a tramitación da mesma.

A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao referido escrito.

O Pleno do Concello de Lalín quedou enterado da dita renuncia e **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Aceptar a renuncia do concelleiro do grupo Bloque Nacionalista Galego, D. Xosé Manuel Fernández López ó seu cargo de concelleiro do Concello de Lalín (Pontevedra).

SEGUNDO.- Solicitar á Xunta Electoral Central que designe o antes posible ao novo concelleiro deste Concello de Lalín que corresponde polo número de orde da candidatura do Bloque Nacionalista Galego (BOP núm. 79 de 28 de abril de 2015).

5. MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO.

5.1 MOCIÓN DE GRUPO DE GOBERNO PARA QUE SE TOMEN MEDIDAS POR PARTE DA ADMINISTRACIÓN PARA POR FIN Á CRISE DE PREZOS DO SECTOR LÁCTEO.

A Presidencia deu conta desta moción de data 23 de setembro de 2015 e rexistro de entrada do mesmo día co número 6432. A Continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior, e Actividade Económica do día 28 de setembro de 2015.**

Na exposición da moción, o *Sr. Rafael Cuíña Aparicio*, Alcalde-Presidente indicou que o sector lácteo era un dos pilares da economía galega. Había unha situación de crise xeralizada á que había que aportar solucións. Indicou que o Concello de Lalín estivo en primeira liña nas protestas e tractoradas que houbo estas semanas pasadas en Lalín. O Concello reunía unhas setecentas explotacións gandeiras e tiña problemas estruturais que había que afrontar.

Por parte do grupo socialista, *D. Nicolás González Casares* indicou que estaba a favor da moción.

Desde o grupo popular, *D. Xosé Crespo Iglesias* pediu ao Sr. Presidente que falase un só voceiro, porque a moción se presentaba como propia do grupo de goberno.

O Sr. Alcalde indicou que hoxe ían seren breves nas súas intervencións polo funeral dun familiar dun dos edís presentes na sesión.

De novo desde o PP. *D. Manuel Fernández López* adiantou que apoiaría a moción. O sector lácteo atravesaba graves problemas. Lembrou as tractoradas e manifestacións nas que todos estiveron presentes, tamén o Sr. Alcalde e a plataforma constituída. Estaba de acordo coas verbas do máximo mandatario. A maiores indicou que este era o peor desastre que lembraba que houbera no sector lácteo. Tras as mobilizacións, perdéronse máis de

dezaseis millóns de litros de leite, cun total uns catrocentos trinta e dous mil euros; deles cento noventa mil correspondían a Lalín. Todo isto se perdeu a cambio de nada, froito dunha política rastreira, negativa para todos, e dun acordo adoptado en vésperas das eleccións xerais de decembro.

Indicou que nas últimas mobilizacións, dos nove mil gandeiros que había en Galicia, só se concentraron uns douscentos cincuenta diante das explotacións gandeiras para impedir o acceso e a saída de lácteos das mesmas. Destes, a metade non vendían leite. En resume estaba en desacordo coas últimas actuacións realizadas no sector, como as anteriores de tirar o leite. Era partidario de esixir responsabilidades ás industrias lácteas. Sinalou que das industrias galegas que pecharon con estas concentracións finais, só dúas eran netamente galegas: as de Feiraco e as de Leite Río.

O que se adiantou era que pagarían máis de vinte e sete céntimos de euro por litro e pasarían a pagar vinte e nove céntimos por litro aos gandeiros. O que se pedía era unha contía maior, de seis ou máis céntimos de euro por litro.

¿É legal adoptar o acordo que se pedía na moción de poñer un prezo mínimo ó leite?

De adoptarse este acordo de prezos mínimos que se pedía, o asunto iría ao Tribunal da Competencia e declararíase seguramente nulo o mesmo. “*Sería meterlle un puro aos gandeiros*”, sinalou.

Lembrou que no ano 2009, cando houbo problemas co sector lácteo e se conseguiu a paz no sector, houbo un acordo entre as partes e no texto do mesmo non se recolleu ningún prezo mínimo; pola contra, agora si que se pedía por parte dos sindicatos que ese prezo mínimo figurase no acordo. Tamén había que dicir que daquela gobernaba en España o goberno socialista; hoxe goberna o PP.

A maiores o acordo non se asinou por moitas cooperativas e por varios sindicatos.

Sobre os puntos da moción, pediu que o primeiro punto se retirase porque non podía ser, xa que non era legal. Os demais admitíanos. Por iso pediu que se introducise ese cambio e caso votarían a favor a da moción.

De novo **D. Rafael Cuíña Aparicio** pedíulle respecto ao *Sr. Crespo Iglesias*, ao igual que el o tiña para con el e para cos do seu partido, e os sindicatos. A actuación do seu partido parecía a dunha escena da *Divina Comedia*, de *Dante Alighieri*, onde o inferno é un cono invertido, e no borde do mesmo, e onde se efectúa a traizón aos intereses de Galicia.

Cando escoitaba á oposición, dixo que lle daban gañas de “*invadir Polonia*”, como dicía *Woody Allen*.

Lembrou que el apoiou as concentracións e manifestacións, as tractoradas dos gandeiros galegos, e asistiu ás concentracións. Coidaba que o *Sr. Crespo Iglesias* e o *Sr. Fernández López* tamén estiveron presentes e apoiaron; pero non podía dicir o mesmo do seu partido, o PP, que traizoaban aos gandeiros, os seus benefactores durante tantos anos.

De novo **D. Manuel Fernández López**, indicou que non entendía de citas literarias; o seu era o agro e o gando case todo o día. Indicou que tiña confianza en que a Unión Europea encontre solucións aos problemas do sector lácteo. O lácteo, era un sector complicado. A raíz do problema había que busca-la en que algunhas industrias sacaban leite en pó, que adquirían a baixo prezo, e logo as empresas distribuidoras vendían a baixo prezo. Puxo como exemplo unha partida que o anterior goberno bipartito da Xunta de Galicia, 2005-2009 acordou remitir a Cuba, e logo apareceu nunha nave en Lugo.

Indicou que a actual Conselleira do Medio Rural e do Mar facía todo o posible para buscar

solucións aos problemas. Lembrou que a Xunta e o Sr. Presidente, *D. Alberto Núñez Feijoo*, reuniuse dúas veces cos gandeiros e estes logo foron a Madrid para conseguir o acordo. O que se buscaba e se buscou sempre foi o mellor para o sector lácteo. A proba disto eran as axudas ou as subvencións que se ían conseguir da Unión Europea para as explotacións gandeiras. É dicir, traería cartos. Rematou insistindo en que o PP, o goberno da Xunta de Galicia e sinaladamente o seu Presidente, a actual Conselleira e a Sr^a Ministra facían todo o posible para defender aos gandeiros e ó sector lácteo.

Rematou o Sr. Alcalde, *D. Rafael Cuíña Aparicio*, para destacar que, se non houbera as tractoradas e as mobilizacións dos gandeiros das semanas pasadas, non se houbera conseguido nada. O goberno galego tiña que poñerse as pilas, e os sindicatos agrarios estaban relativamente satisfeitos e á espera da aplicación do dito acordo, porque os problemas do sector lácteo eran de hoxe e a curto prazo.

Sometida a votación a moción do grupo de goberno mediante o sistema de man alzada obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (10), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE e un (1) da APAC.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: dez (10) do PP.

De acordo co disposto nos artigos 100.2 do ROF, aprobado polo R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e 46. 2.d) da Lei/85, de 2 de abril, RBRL, sometida a unha nova votación a moción, mediante o sistema de man alzada, por existir empate de votos na primeira, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (10), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE e un (1) da APAC.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: dez (10) do PP.

Xa que logo **APROBOUSE a moción** co voto de calidade do Sr. Presidente, do tenor seguinte:

A Comisión expuxo que Lalín é un dos concellos de Galicia e do Estado con maior dependencia do leite, un sector que viviu unha transformación excepcional no último cuarto de século, co cese dun gran número de explotacións. A inexistencia dun marco regulador entre produtores, industria e distribución, a falta de garantías para o cumprimento de acordos, a mínima implicación histórica das administracións e a recente liberalización do mercado comunitario, xunto co veto ruso, desembocaron na peor crise do sector. O Goberno Municipal considera totalmente lexítimas as protestas dos produtores, ós que apoia incondicionalmente.

Lalín é un dos concellos de Galicia e de todo o Estado cunha maior dependencia do leite. Mantén unhas 12.500 vacas produtoras repartidas nunhas 800 granxas das que dependen de xeito directo e indirecto máis de 3.000 empregos, polo que a estabilidade do sector é substancial ao desenvolvemento económico e social do municipio. O sector viviu no último cuarto de século

unha transformación excepcional, que provocou o cese de gran número de explotacións que non se adaptaron á nova situación de mercado ou que non tiveron relevo xeracional. As granxas que perviviron, aumentaron a cabana gandeira e a produción e investiron en modernización técnica, xenética ou de formación co obxectivo de aumentar a súa rendibilidade e adaptarse ao novo panorama de mercados máis competitivos.

Non obstante, estes avances nos que os gandeiros puxeron todo o seu esforzo, semellan non ser suficientes e a inestabilidade, en particular no que a prezos se refire, segue a ser unha constante. Dita inestabilidade ven provocada pola inexistencia dun marco claro e formal na relación entre produtores, industria e distribución, que deixa nas mans destas últimas a fixación dos prezos en función da súa conveniencia, así como a falta dun regulamento que garanta o cumprimento dos acordos. A isto hai que sumarlle a mínima implicación histórica das administracións na resolución dos conflitos lácteos e no apoio ao sector produtivo, así como a enorme e volatilidade e complexidade do mercado lácteo. Todos estes factores, engadidos á recente liberalización do mercado comunitario, que provocou un incremento da produción e ao descenso na demanda provocada, entre outras cousas, polo veto ruso, en cuxa implantación nada tiveron que ver os gandeiros que agora sofren as consecuencias, desembocou na peor crise da historia do sector.

As explotacións están nunha situación económica límite. Viven ameazadas con deixar de recollerlles o leite, con prezos ruinosos que levan meses sen cubrir custos, contratos abusivos por parte das industrias e banalización dos produtos por parte das distribuidoras. A desesperación dos produtores e produtoras é tal que nos últimos meses tiveron lugar por toda Galicia gran número de mobilizacións masivas, que remataron nunha protesta sen precedentes, con tractoradas, bloqueos, e folga de entregas, nas que se pedía unha solución desesperada á situación. Unhas protestas que o Goberno Municipal considera totalmente lexítimas e apoia incuestionablemente como así o demostrou.

Non obstante, vista a urxencia da situación, inexistencia de acordos que beneficien aos gandeiros e a falta de implicación real da Xunta de Galicia, do Goberno do Estado, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

1. Instar ás administracións autonómica e central a que poñan en marcha todas as medidas dentro do seu carácter competencial para que se fixe un prezo mínimo de referencia, que polo menos cubra custos de produción e que garanta e estabilidade e a sustentabilidade do sector e acabe coa contínua incertidume que viven os gandeiros.
2. Solicitar a intermediación das administracións competentes para esixir que se eliminen os contratos impostos polas industrias -abusivos e firmados á baixa- e que se poñan en marcha medidas que garantan o cumprimento dos novos contratos e se establezan outras de carácter sancionador para aquelas que os incumplan sistematicamente.
3. Instar ao Goberno do Estado, e á Xunta de Galicia, a que, dentro do seu marco competencial, tomen as medidas necesarias para garantir que a gran distribución acabe coa banalización que se fai do leite e dos produtos lácteos.
4. Que a Xunta apoie claramente ás organizacións de produtores, de modo que alcancen unha verdadeira capacidade de negociación na conformación dos prezos e participen na comercialización e na creación de valor engadido nos seus produtos, co obxectivo de estabilizar os diferentes axentes da cadea.

5. Que as administracións impulsen e fomenten o consumo de lácteos, mellorando a imaxe do leite e do sector en xeral, promovendo un maior consumo, especialmente entre a poboación máis nova.

5.2.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA A POSTA EN MARCHA DA COMISIÓN DO RUEIRO DE LALÍN.

A Presidencia deu conta desta moción de data 24 de setembro de 2015 e rexistro de entrada do mesmo día co número 6453. A Continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior, e Actividade Económica do día 28 de setembro de 2015.**

Na defensa da moción, o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, indicou que o a nova corporación tiña vontade de constituír esta comisión do rueiro, que xa existiu hai tempo, para poñer nomes ás rúas de Lalín. Estaría integrada por destacados expertos e filólogos e trataría de dar resposta á demanda da xente. Indicou que lle pediu ao PP que nomeara dúas persoas para integrar esta comisión.

Por parte do grupo socialista **D. Nicolás González Casares** adiantou o voto afirmativo do seu grupo. Coincidía co Sr. Alcalde en que había solicitudes dos veciños, e referiuse a nomes de rúas, como a de *Celso Emilio Ferreiro*, acordado polo Pleno hai moitos anos e que aínda hoxe non se materializou.

Desde o PP, **D. José Antonio Rodríguez Fernández** indicou que non estaban de acordo coa exposición de motivos da moción, xa que namentres nunha parte se falaba desta comisión como órgano consultivo, noutra parte da mesma, en concreto na parte dispositiva se falaba de funcións de decidir. Isto non quedaba claro.

Doutra banda tampouco vían que se tratase dun órgano apolítico, xa que había cargos non políticos que andaban máis que algúns cargos propiamente políticos.

Polo tanto pediu que se cambiase o término de decidir e doutra que se integrase por expertos sen cargos políticos.

Contestou o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, no sentido de que non aceptaba estas propostas do grupo popular.

Sometida a votación a moción do grupo de goberno mediante o sistema de man alzada obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (10), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE e un (1) da APAC.

Votos en contra: dez (10) do PP.

Abstencións: ningunha.

De acordo co disposto nos artigos 100.2 do ROF, aprobado polo R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e 46. 2.d) da Lei/85, de 2 de abril, RBRL, sometida a unha nova votación a moción, mediante o sistema de man alzada, por existir empate de votos na primeira, obtívose o seguinte

resultado:

Votos a favor: dez (10), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE e un (1) da APAC.

Votos en contra: ningunha.

Abstencións: dez (10) do PP.

Xa que logo **o Pleno da Corporación APROBOU a moción** co voto de calidade do Sr. Presidente, do tenor seguinte:

O elevado número de rúas sen nome que hai a día de hoxe en Lalín fai necesaria a creación dunha comisión de expertos que, de maneira consensuada e plural, decida as denominacións para as vías da vila que aínda carecen dela.

A activación deste órgano consultivo pretende dar resposta a unha situación de provisionalidade que se está a prolongar demasiado no tempo e debe ter por obxectivo facilitar o coñecemento e a localización das rúas, non só para o servizo de correos ou as empresas de transporte, entre outras, senón para a veciñanza en xeral.

A composición da Comisión debe responder a criterios de rigor científico e pluralidade para que esa pluralidade tamén se traslade á elección dos nomes das rúas de Lalín.

Tamén se pretende dotar de identidade propia ás rúas que non foron bautizadas no seu momento e, en boa medida, recuperar os topónimos tradicionais de Lalín e que se foron perdendo co paso do tempo. A activación da *Comisión do Rueiro* tamén servirá para dar cumprimento a un dos acordos recollido no pacto do Goberno de integración e para avanzar na recuperación da memoria histórica, tal e como recolle o documento que define as liñas programáticas acordadas polo actual executivo.

O propósito do Goberno municipal é bautizar as rúas sen demasiada demora, pero facéndoo sempre con consenso, e para iso os grupos que conforman o Goberno municipal presentan a seguinte proposta para o seu debate polo Pleno

En consecuencia, **o Pleno ACORDOU:**

1. Poñer en marcha a Comisión do Rueiro de Lalín, que terá como principal función decidir, de forma consensuada e plural, os nomes das rúas de Lalín que aínda carecen del.
2. Este órgano terá carácter consultivo e estará formado por expertos sen cargo político, pero que, en todo caso, serán propostos polos diferentes partidos con representación plenaria.
3. Tamén serán membros desta comisión os portavoces de cada un dos grupos políticos do Concello de Lalín.
4. A Comisión do Rueiro estará presidida polo Alcalde de Lalín.

5.3.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO SOBRE A SITUACIÓN DA SECCIÓN EN LALÍN DA ESCOLA DE GAITAS E PERCUSIÓN DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.

A Presidencia deu conta desta moción de data 23 de setembro de 2015 e rexistro de entrada do mesmo día co número 6431. A Continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 28 de setembro de 2015**.

A proposta do Sr. Alcalde-Presidente, e de conformidade cos edís presentes, o debate desta moción fíxose conxuntamente coa moción do PP referente ao mesmo asunto.

Falou en primeiro lugar o Sr. Alcalde-Presidente. **D. Rafael Cuíña Aparicio**. Indicou que, tal e como adiantou, a vontade do equipo de goberno municipal era a de non deixar tiradas ás persoas que integraban a sección da banda de gaitas da Deputación Provincial de Pontevedra e que estaban no Conservatorio Profesional de Lalín. Non obstante se quería que tamén a Xunta de Galicia se implicase neste problema e aportase fondos e solucións.

Desde o Grupo Popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que o goberno municipal incorría en contradición neste tema. Tratába coa moción de tirar para arriba, “*de escorrer o bulto*”, e solicitar á Xunta de Galicia, igual que a moción do seu partido sobre o grupo leite galego. Non recollía para nada solicitar axuda á Deputación Provincial.

Indicou por alusións **D. Rafael Cuíña Aparicio** que non todo valía en política.

Seguiu a falar **D. Xosé Crespo Iglesias**, dixo que o Sr. Alcalde non era de esquerdas, só o era tecnicamente, pero que só tiña a aparencia de esquerda.

Só se trataba de pedir á Xunta de Galicia e ao resto nada. Se non custa nada. A Xunta de Galicia non axudaría porque non tiña fondos. Había que apostar pola formación dos alumnos. Non se pode apostar e deixar 86 alumnos sen formación. Era sorprendente a calidade musical que tiñan. Debía seguir a funcionar. O grupo de goberno coa moción pretendía tirar para arriba, abrir o melón. A Xunta de Galicia non podía asumir o custo das escolas de gaitas de toda Galicia, das catro provincias. A Consellería de Cultura tiña problemas para manter todo o entramado actual. Era inxusta a situación desta formación. Cada vez había menos financiación para este servizo. Fixo historia das xestións que houbo no seu día para que a Xunta de Galicia asumise no seu tempo este Conservatorio, dos tempos do Sr. Presidente, *Fraga Iribarne*, de cando se creou este Conservatorio e o de Vilalba, etc., e das escasas posibilidades económicas que houbo e que agora había para que a Xunta de Galicia o asumira.

Pola contra, entendía que a Deputación Provincial de Pontevedra tiña previsto sacar en datas vindeiras un macroplán de obras e servizos, e o Concello ben podía tentar introducir este servizo no mesmo.

De seguido leu a parte dispositiva da moción, pedindo a aprobación da mesma.

Interveu o Sr. Alcalde. **D. Rafael Cuíña Aparicio**. Dixo que en última instancia quen pagaba esta Escola de Gaitas eran os cidadáns cos seus impostos. Desde logo quería deixar ben claro que o goberno municipal actual non ía deixar tirados aos alumnos desta unidade musical e apostaba claramente pola continuidade da Escola de Gaitas.

Por alusións, **D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que votaría en contra de solicitar á Xunta de Galicia a axuda necesaria. Sen embargo coidaba que con esta petición única non habería cartos e non se resolvería o problema, porque a Xunta de Galicia non ía facer fronte a todas as escolas de

gaitas das catro provincias. Pola contra na Deputación Provincial si que podía axudar aos concellos.

Falou entón a edil delegada de facenda **D^a. Teresa Varela Fisteus**. Indicou que o edil popular **D. Antonio Rodríguez** meteu a moción do PP o sábado, e a través *facebok*. Chamáballe a atención que en relación con esta unidade musical todo xirase en torno a unha soa persoa: Hipólito.

Indicou que na actuación de fin de curso da Banda de Gaitas no mes de xuño, a ela como edil delegada de facenda, non se lla invitou; pola contra o **Sr. Crespo Iglesias** asistiu cando estaba en funcións, como representante da Deputación, non do Concello.

Lembrou que desde o ano 2009, a Deputación Provincial elixiu a **Hipólito Cabezas** como persoa encargada da Banda de Gaitas, pero non só para Lalín, senón para as bandas de gaitas de toda a provincia.

Asinouse en data de 5 de xuño un convenio coa asociación para darlle unha subvención e comprar os traxes. Constituíse polo tanto unha asociación cultural, formada por el mesmo, a súa muller e algúns profesores. Non había na dita asociación representantes dos alumnos, nin dos pais dos alumnos. Nos traxes non se lles deu opción a opinar aos alumnos. Opinou só **Hipólito**.

Pero á hora de asinar e de facer o adianto orzamentario, era ela como concelleira de facenda a que tiña que asinar e decidir.

Por alusións, **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que a Escola de Gaitas era da Deputación Provincial, que tiña unha sección en Lalín, ao igual que noutros concellos da provincia. Aclarou que asistiu ao dito acto como Vicepresidente da Deputación Provincial en funcións e lembrou que naquela data os deputados do PSOE aínda non eran deputados.

Doutra banda destacou que nunca se falou cos alumnos. Hipólito falou con **Alfonso Daquela** en representación da Escola. O Concello pagou unha parte: o resto pagárono os rapaces. Demos como Concello unha subvención para ese fin, para que puidesen ter traxes os rapaces da dita escola de gaitas. Como non había outra posibilidade de facelo legalmente, constituíuse unha asociación para recibir a subvención municipal e adquirir os traxes.

Quixo deixar claro que nin el, nin a Corporación municipal nunca decidiron onde tocaba a Escola de Gaitas; foi sempre **Hipólito** quen o decidiu.

De novo **D^a. Teresa Varela Fisteus**, matizou que nesa actuación, o desfile de fin de curso da Escola de Gaitas, **D. Xosé Crespo Iglesias** era concelleiro da oposición. Daquela elaborou o modelo de traxe que lle encargaron.

Criticou por alusións **D. Rafael Cuíña Aparicio** as verbas empregadas en anteriores intervencións polo voceiro popular, tales como *tinglado* pola Escola de Gaitas e *entramado* pola Consellería de Cultura.

Sometida a votación a moción do grupo de goberno mediante o sistema de man alzada obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (10), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE e un (1) da APAC.

Votos en contra: dez (10) do PP.

Abstencións: ningunha.

De acordo co disposto nos artigos 100.2 do ROF, aprobado polo R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e 46. 2.d) da Lei/85, de 2 de abril, RBRL, sometida a unha nova votación a moción, mediante o sistema de man alzada, por existir empate de votos na primeira, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (10), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE e un (1) da APAC.

Votos en contra: ningunha.

Abstencións: dez (10) do PP.

Xa que logo **APROBOUSE a moción, co voto de calidade do Sr. Presidente**, do seguinte tenor:

O Goberno municipal de Lalín está a analizar as diferentes alternativas para intentar garantir a continuidade do servizo que se lles presta aos alumnos e alumnas da sección da Escola de Gaitas e Percusión da Deputación de Pontevedra. A decisión do organismo provincial de rescindir o financiamento previsto para esta aula suscita dúbidas sobre o seu mantemento, xa que os centros que coordina a Deputación deixarán de percibir a partida consignada nos orzamentos para o presente exercicio e da que depende o seu funcionamento.

Consciente da labor formativa que está a desenvolver a Escola no eido musical, o Goberno municipal de Lalín estableceu contactos dende o primeiro momento cos responsables da Aula para coñecer de primeira man as posibles consecuencias desta decisión e para tratar de buscar saídas que permitan garantir a actividade do alumnado. Tras varios encontros, o Goberno propúxolles aos responsables da Escola que trasladasen ao Concello un estudo sobre os custes económicos que poderían supoñer o seu mantemento.

A posible colaboración do Concello coa Aula dependerá da análise que se faga dese informe económico e da capacidade para asumir un novo investimento ao que necesariamente lle habería que buscar encaixe nos orzamentos municipais.

Tendo en conta que a predisposición do Concello é favorable ao mantemento do servizo que se lle presta en Lalín ao alumnado da sección da Escola de Gaitas e Percusión da Deputación, pero sendo consciente ao mesmo tempo de que ese obxectivo tal vez non poida ser asumido unicamente con recursos propios, **o Pleno ACORDOU:**

1. Instar á Xunta de Galicia a que, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, estableza as fórmulas necesarias para garantir, dentro das súas competencias e dispoñibilidade orzamentaria, o mantemento da actividade formativa que se lles estaba a prestar ata o de agora aos alumnos da sección en Lalín da Escola de Gaitas e Percusión.
2. Instar á Xunta de Galicia a que, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, impulse a elaboración e posta en marcha dun convenio co Concello de Lalín e a Asociación de Gaiteiros Galegos para poder impartir tamén formación seguindo criterios acordes coa tradición musical propiamente galega.

5.4.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA DOTAR A LALÍN DUNHA UNIDADE DE HEMODIÁLISE TRADICIONAL AMBULATORIA PÚBLICA CON TODAS AS GARANTÍAS DE PERSOAL E MEDIOS TÉCNICOS.

A Presidencia deu conta desta moción de data 9 de setembro de 2015 e rexistro de entrada do 24 de setembro co número 6499. A Continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 28 de setembro de 2015.**

Na exposición de motivos **D. Nicolás González Casares**, do grupo de goberno, explicou a moción. Indicou que había un colectivo de enfermos en Lalín e na comarca que precisaban acudir a Santiago de Compostela periodicamente para recibir a hemodiálise. Coa moción se buscaba que Lalín contase cun equipo destas características que facilite aos enfermos o acceso ao tratamento e evite as ditas viaxes.

Desde o Grupo Popular, **Dª Eva María Montoto Méndez** indicou que a moción presentada carecía de rigor. Había que ver o problema en conxunto do paciente, porque agora xa non había unha espera tan prolongada para recibir os tratamentos. Tampouco eran descoñecidos os pacientes. Agora as estancias son máis curtas e o problema real é o paciente, que ten outras doenzas engadidas, como retención de líquidos, etc. O problema era a calidade de vida que había que dar a estes pacientes. O normal era recibir o tratamento tres veces á semana, tres tardes.

Coidaba que coa moción, o edil propoñente buscaba sensacionalismo e non se daba a importancia que merecían estes enfermos, e por suposto non abordaba o problema real, que era a calidade de vida destes enfermos. Era urxente dar tratamento aos pacientes críticos.

Conviña suñar que o tratamento era o mesmo o que se daba nos centros públicos que nos centros concertados; “salvaba vidas por igual”, afirmou . Ten a mesma calidade un que outro. Por elo, porque non recollía a asistencia total, non estaba de acordo co plantexamento da moción. Propuxo no seu lugar como emenda transaccional que se incluísen tamén aos centros privados concertados e non só os públicos aos que irían estes equipamentos.

Tamén había que dicir que os problemas para estes pacientes non se producían soamente durante as viaxes de ida, senón que tamén eran frecuentes padecelos no regreso de recibir o tratamento.

A hemodiálise era un problema que se estaba a tratar en moitos centro públicos e privados.

Si que era transcendente a moción, pero tamén había que incidir en que o importante era que os pacientes recibisen o tratamento, sen viaxar, podendo ser tratados tanto en centros públicos coma en centros concertos privados. Era gratis para o enfermo o tratamento nun e noutro caso. A moción non mencionaba esta posibilidade.

Por alusións, o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, felicitou a **Dª Eva Montoto Méndez**, na súa primeira intervención que tiña no Concello como edil, e ao mesmo tempo díxolle que esperaba vela moito tempo na oposición.

De novo polo grupo de goberno, **D. Nicolás González Casares** salientou que a moción presentada era evidentemente técnica, e que el a redactou para que todo o mundo a entendera, e non só os profesionais do sector. El era profesor, daba clases desta materia e coñecía a case todos os enfermos renais de Lalín . Era certo que os pacientes tiñan unha vida limitada, pero se

trataba de melloralala. Para iso ía a moción: para evitar as viaxes a Santiago. Lembrou que antes nesta mesma sesión, o Grupo Popular rexeitou unha moción do grupo de goberno; agora parece que cambiaban de criterio de actuación e non se opoñerían. Alegrábase por elo e de que apoien ou se absteñan nas mocións do goberno municipal. Desde logo non aceptaba os cambios propostos pola edil popular, como emenda transaccional. O modelo sanitario que eles propuñan non tiña nada que ver co modelo que propoñía o PP en Galicia; aí estaba o exemplo de Vigo, que amosaba que a Xunta de Galicia quería dividir a Galicia en dous modelos: o norte, cun modelo público; e o sur, cun sistema de sanidade privada.

De novo **Dª Eva María Montoto Méndez** reiterou que había que atender e defender ao paciente que era o importante e antepoñelo aos ideais políticos. Insistiu en que moitos pacientes que reciben hemodiálise asisten e reciben tratamento en centros sanitarios privados concertados. En Lalín había este tratamento. O importante era a calidade da asistencia que precisaban os pacientes. Era gratuíto e daba igual que fose público ou concertado, porque o importante debiera ser que os pacientes tivesen acceso a este tratamento o mellor posible e con elo mellorar a súa calidade de vida.

Sometida a votación a moción do grupo de goberno mediante o sistema de man alzada obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (10), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE e un (1) da APAC.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: dez (10) do PP.

Xa que logo **APROBOUSE a moción** do seguinte tenor:

Como é ben sabido a atención sanitaria especializada aos veciños e veciñas de Lalín vense prestando maioritariamente no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago. Ese centro está a máis de 50 km do casco urbano da nosa vila e incluso a distancias maiores para pacientes de algunhas das nosas parroquias.

Unha gran parte dos pacientes renais crónicos en fase avanzada necesitan realizar hemodiálise tradicional unha media de 3 veces á semana, o que supón unha media de 6 viaxes semanais, realizando prolongadas rutas en ambulancia ou en coches particulares cos conseguíntes gastos. É habitual que estes pacientes saian de madrugada cara a Santiago e retornen aos seus domicilio pasadas as 14 ou 15 horas da tarde, e así de xeito continuado todas as semanas do ano.

Por outra banda compre sinalar que estes pacientes crónicos teñen unha saúde delicada e inestable, polo que as prolongadas viaxes aumentan a posibilidade de sufrir algún evento de saúde complexo sen unha asistencia sanitaria especializada, fundamentalmente nas viaxes de ida.

Os veciños e veciñas de Lalín levamos moitos anos esperando polo Centro de Alta Resolución (CAR) pero no caso dos pacientes renais crónicos sometidos a hemodiálise tradicional esta espera é moito máis angustiosa pois a súa delicada saúde non permite unha espera tan

prolongada por unha infraestrutura tantas veces prometida.

A día de hoxe calcúlanse nun mínimo de 25 pacientes os que se someten de xeito continuado a hemodiálise tradicional na comarca. A cifra de doentes mantense e manteranse ao longo do tempo mentres non haxa outro tipo de tratamentos ao seu alcance e os datos epidemiolóxicos non varíen, aínda que os pacientes non sexan sempre os mesmos.

Xa que logo, O Pleno Municipal **ACORDOU:**

- Solicitar á Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade, que dote a Lalín dunha unidade de hemodiálise tradicional ambulatoria pública con todas as garantías de persoal e de medios técnicos.

5.5.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA O TRASLADO DA PLACA DOS REPRESALIADOS A LALÍN.

A Presidencia deu conta desta moción de data 24 de setembro de 2015 e rexistro de entrada do mesmo día co número 6500. A Continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 28 de setembro de 2015.**

Na rolda de voceiros **D^a. Lara Rodríguez Peña**, da APAC defendeu a moción presentada, destacando que se trataba de recuperar a placa cos cincuenta e dous nomes dos represaliados en Lalín co gallo da Guerra Civil. Pedíase que se traslade aquí, a Lalín, tras o intento do anterior Alcalde, *Sr. Crespo Iglesias*, que non deu os froitos esperados.

Na rolda de voceiros **D. Xosé Crespo Iglesias**, do Grupo Popular, indicou ao Sr. Alcalde que debiera ser respectuoso coa oposición nas súas intervencións, porque o PP foi o partido máis votado en Lalín, e deixar ao lado “os vaciles e os actos de chulería” cos edís do seu grupo. O pobo de Lalín era o que votaba e eles estaban aí por iso.

Salientou que xa dixo desde o primeiro día que o PP ía facer unha oposición distinta á que facía a oposición cando el foi máximo mandatario. Pidiu polo tanto respecto ao máximo mandatario.

En relación coa moción en debate, contou as xestións feitas cando el foi Alcalde primeiro aquí e logo en Argentina. Había dúas asociacións inicialmente e logo fusionáronse nunha sóa entidade. Continuou relatando os feitos que non chegaron a bo fin e non veu a placa a Lalín. Elo non por culpa do goberno anterior.

Non era razoable o sentimento de revanchismo que había no ambiente cando se presentaba esta clase de mocións. O PP en xeral, nin o de Lalín non era franquista, como tampouco o eran ningún dos concelleiros desta corporación e desde logo non tiñan nada que ver co dito movemento.

Rexeitou polo tanto o movemento sectario e revanchista que parecía existir con estes temas. Agora había novos esforzos para traer a placa.

Eles íanse abster porque se trataba dun acto sectario que non era propio da democracia.

Por alusións a edil popular, **D. Eva Montoto Méndez**, matizou que non se sentía afectada polas verbas do Sr. Alcalde.

Desde a Presidencia, **D. Rafael Cuíña Aparicio** felicitou de novo a *D^a Eva Montoto Méndez*, polas leccións que lle deu a vostede, en referencia ao *Sr. Crespo Iglesias*. Salientou que as súas verbas foron expresións democráticas e respectuosas.

De novo **D^a. Lara Rodríguez Peña** rexeitou que houbese signo de revisionismo nin no contido nin no entorno. Era unha cuestión de xustiza traer aquí a placa dos cincuenta e dous nomes represaliados. Non era unha revisión do franquismo, pero había que entender que había un goberno distinto que quería recuperar a placa.

Lembrou que no ano 2006 unha proposta da oposición neste sentido non foi tramitada polo daquela grupo de goberno municipal.

Finalmente **D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que non ía dar leccións a ningún de democracia, pero insistiu no que dixo. Indicou que a actuación na anterior sesión plenaria do Sr. Alcalde co edil *D. Antonio Rodríguez Rodríguez*, aínda que se pediron desculpas, foi dunha grande desvergonza. Non se podía dar un “cariño” aos edís e ao mesmo tempo darlles un “leñazo”, en alusión ás verbas dirixidas polo primeiro mandatario á edil *D^a. Eva Montoto Méndez*.

No fondo latía a idea de que había que levar a cabo a vontade dos que pagaron a placa que era que a mesma estea en Lalín cando haxa democracia.

Falou o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio** para indicar que sempre respectaba a todos cando falaban, destacando que sobre as verbas en relación co dito edil xa falou e se desculpou.

Sometida a votación a moción do grupo de goberno mediante o sistema de man alzada obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (10), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE e un (1) da APAC.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: dez (10) do PP.

Así pois, **APROBOUSE a moción** do seguinte tenor:

O Congreso dos Deputados aprobou en febreiro de 2006 unha iniciativa que establece que ese ano fose declarado “ano da Memoria Histórica” e se recoñecese a II^a República como antecedente da democracia instaurada coa Constitución de 1978. Nesa iniciativa instábase ao Goberno a promover, en colaboración coas Comunidades Autónomas e Concellos, actos de homenaxe a quen foron vítimas da Guerra Civil e a ditadura posterior, entre as que menciona aos falecidos, represaliados e exiliados.

Desde o Goberno Municipal do Concello de Lalín consideramos que estas declaracións e iniciativa deben ser concretadas para a Comarca do Deza, nun acto que sirva para restaurar definitivamente a dignidade e recuperar a memoria enmudecida durante catro décadas de pedra de todas aquelas persoas asasinadas, perseguidas e castigadas pola Ditadura de Franco. E cremos que se debe comezar polo recoñecemento público ás vítimas desa ditadura. Xa que logo:

A memoria da barbarie represiva dos primeiros anos do réxime franquista no Deza foi conservada na emigración: en Buenos Aires, colgada na entrada da sede da Federación de

Sociedades Galegas, hai unha placa de bronce cunha alegoría da República que a Sociedade Unión del Partido de Lalín (da que formaban parte emigrantes de todos os concellos do Deza) instalou en 1954 en homenaxe ás vítimas da represión franquista (segundo está escrito: “aos que caeron en defensa da liberdade da República española e os dereitos humanos”). Figura nela un listado de 52 persoas, co seu respectivo cargo ou profesión, agrupados por concellos, *“asesinados por pensar y desear para todos un mundo mejor”*. O 14 de abril de 1954, coincidindo cos actos do aniversario da República, instalase na sede da Federación (Rúa Chacabuco, 955). No acto pronuncia un discurso o presidente da Sociedade UPL, *Bernardino Dobarro*, quen logo de facer referencia á data explica os motivos que levaron á Sociedade a facer a homenaxe, le a lista dos caídos, para os que pide un minuto de silencio e continúa:

“La nómina, grande por el número de los ciudadanos sacrificados por defender causa tan justa, la República legal y libertad del pueblo, demuestra claramente como procedió la reacción en el Partido de Lalín, hecho que condenamos los emigrados demócratas y republicanos, perpetuando en el bronce el nombre de los caídos, y en nombre de ellos, el pueblo, en su momento oportuno sabrá hacer justicia”.

As palabras finais do seu discurso (que se conserva no Arquivo do Club Lalín de Bos Aires, sociedade na que acabou fundíndose a UPL), foron:

“Esta placa la entregamos en custodia a la Federación de Sociedades Gallegas, templo de la democracia Española en la República Argentina y hasta que la Sociedad que represento, disponga el lugar definitivo donde deba colocarse, esperamos que sea en el Ayuntamiento o en la Plaza de Lalín”.

A Sociedade UPL acabou disolvéndose antes da implantación da democracia en España e sen tomar ningunha outra decisión sobre o destino definitivo da placa. Aínda que, como demostran investigacións recentes, o listado de vítimas que aparece na placa non é completo, e algúns nomes e apelidos están recollidos de xeito incorrecto (mesmo dalgunha figura só o alcume), por ser realizada partindo fundamentalmente dos relatos dos que ían chegando á Arxentina, a placa é representativa e serve para homenaxear a todas e a todos os represaliados polo franquismo no Deza. Moito máis se temos en conta que esta iniciática da UPL é singular e única en todo o Estado Español: as placas que se fixeron en lembranza dos represaliados doutros concellos (como a da sociedade de Betanzos) ou comarcas, son de carácter máis xenérico e en ningunha figuran os nomes dos asasinados.

Trala deturpación da historia construída no franquismo e o pacto de silencio instaurado na transición, temos a necesidade de recuperar o noso pasado próximo, ese que tanto segue a marcar o noso presente. Consideramos que os tempos son chegados e que xa é hora de cumprir a vontade dos dezaos que fixeron a homenaxe aos que morreron en defensa da liberdade e a democracia: traer esta placa a Galicia e instalala nun lugar de honra do Concello de Lalín, a nova praza do Concello, para que serva de homenaxe e lembranza a tódalas vítimas do franquismo.

Cremos que deben ser todos os concellos da Comarca e a Mancomunidade de Concellos do Deza, como representante democrática de todos, a que leve adiante esta iniciativa. Porque só facendo xustiza co noso pasado, coa memoria acalada dos que loitaron polas liberdades democráticas naquel entón, conseguiremos expurgar as pantasma da historia e construír sobre

bases sólidas a democracia.

Por todo o antedito, **o Pleno da Corporación municipal de Lalín ACORDOU:**

- Instar ao Goberno Municipal a que solicite, xestione e tramite o traslado da Placa dos nomes das vítimas da represión da comarca do Deza actualmente depositada na sede da Federación de Sociedades Galegas de Bos Aires e instalala definitivamente en Lalín, tal como era o desexo dos que a realizaron: os socios da Unión do Partido de Lalín.

- Dirixirse ao resto dos Concellos da Comarca e a Mancomunidade de Concellos do Deza para solicitar o seu apoio para esta medida.

5.6 MOCIÓN RELATIVA AO REGULAMENTO INTERNO DA ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL.

A Presidencia deu conta desta moción de data 15 de setembro de 2015 e rexistro de entrada do 24 de setembro co número 6498. A Continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de **Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 28 de setembro de 2015.**

Na rolda de voceiros **D. Nicolás González Casares**, do grupo de goberno, dixo que este regulamento se elaborou con dedicación e deuse unha copia do mesmo á edil popular para que o estudase e aportase o que coidase conveniente. Estimaba que era respectuoso coas normas vixentes e co goberno local. Ata hoxe, a edil popular non dixo nada ao respecto.

Desde o grupo popular, a edil **Dª Paz Perez Asorey** recoñeceu a elegancia institucional do representante do goberno. Non obstante, gobernar correspondía ao edil e ao restante grupo municipal. Non obstante coidaba oportuno introducir unha serie de matices ao dito regulamento proposto.

En primeiro lugar dixo que xa existía o Consello Local de Coordinación de entidades solidarias, que presentaba e coordinaba a casuística nese tema.

Sobre as competencias deste órgano, coidaba que os apartados h), i) e l) eran funcións propias dos técnicos municipais, máis que da mesma, e polo tanto o regulamento restaría protagonismo e funcións aos técnicos municipais.

Parece que non se lle daba importancia ao labor do equipo técnico. Antes sempre tiveron en conta ese recoñecemento ao seu labor.

Non era necesario recorrer a unha asesoría externa, como contemplaba este regulamento, para abordar determinados expedientes. Si que existían os colexios profesionais, de avogados, psicólogos e sindicatos, pero non procedía externalizar os asuntos municipais.

Por segunda vez no turno da palabra, **D. Nicolás González Casares** afirmou que non había outros órganos políticos que decidirían nos asuntos, como se dicía desde a oposición. Habería unha maior participación para estudar as políticas municipais. Si que habería maior pluralidade.

O apartado h) era igual para todos e podía quitarse. De todos modos, o feito de contar coa opinión doutros profesionais non era nada malo e non supuña menoscabo para ninguén.

Si que estaba a favor de levar a cabo un control e unha protección de datos.

Finalmente indicou que non era partidario de tratar casos individuais e só os públicos.

De novo **D^a. Paz Pérez Asorey** volveu a dicir que ela tamén coidaba que había que levar unha política de protección de datos, que xa se levou no período anterior. Recoñeceu a elegancia institucional por facilitarlle un exemplar do dito regulamento, pero engadiu que lle tocaba gobernar ao grupo propoñente. Finalmente pediu que tamén debían eliminar os apartados i) e l). Con isto, non apoiarían a proposta.

Sometida a votación a moción do grupo de goberno mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes que foron: seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE e (1) da APAC e dez (10) do PP, **ACORDOUSE** deixar sobre a mesa a proposta e o expediente deste punto da orde do día.

Sendo as 12:30 horas, abandonou definitivamente a sesión D. Tomás Vilarinho Fidalgo, quedando con cinco (5) o grupo CXG-CCTT e cun total de dezanove (19) asistentes á sesión.

6.- MOCIÓNS DO PP.

6.1.- MOCIÓN DO PP SOBRE A CONTINUIDADE DA ESCOLA DE GAITAS E PERCUSIÓN DA DEPUTACIÓN EN LALÍN.

A Presidencia deu conta desta moción de data 4 de setembro de 2015 e rexistro de entrada do 5 de setembro co número 6019. A Continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 28 de setembro de 2015.**

O debate desa moción realizouse xuntamente coa moción presentada polo grupo de goberno que figura no punto 5.3. da sesión e da presente acta. En consonancia, o número de asistentes era neste punto de vinte concelleiros.

Na moción pedíase que o Concello de Lalín se dirixa á Deputación de Pontevedra para que manteña a cofinanciación da sección de Lalín da Escola de Gaitas e Percusión de Pontevedra como estaba ata o de agora e que permitiu no último ano a formación de 86 músicos en música tradicional galega. No caso de que a Deputación de Pontevedra persistira na negativa de manter a cofinanciación da sección de Lalín da Escola de Gaitas e Percusión da Deputación, pedíase instar ao Concello de Lalín a que se fixera cargo da Escola de Gaitas e Percusión e da Banda de Gaitas dependente dela.

Sometida a votación a moción do grupo de goberno mediante o sistema de man alzada obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (10) do PP

Votos en contra: dez (10), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE e un (1) da APAC.

Abstencións: ningunha.

De acordo co disposto nos artigos 100.2 do ROF, aprobado polo R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e 46. 2.d) da Lei/85, de 2 de abril, RBRL, sometida a unha nova votación a moción,

mediante o sistema de man alzada, por existir empate de votos na primeira, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (10) do PP.

Votos en contra: dez (10), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE e un (1) da APAC.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo **REXEITOUSE a moción** co voto de calidade do Sr. Presidente.

6.2.- MOCIÓN DO PP PARA A PROMOCIÓN DO LEITE GALEGO NO CONCELLO DE LALÍN.

A Presidencia deu conta desta moción de data 16 de setembro de 2015 e rexistro de entrada do 18 de setembro co número 6395. A Continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior, e Actividade Económica do día 28 de setembro de 2015.**

En defensa da moción, o voceiro do Grupo Popular, **Sr. Crespo Iglesias**, explicou o contido da mesma. O fin último que se buscaba era que se consumise en Galicia máis leite de Galicia, leite que había que apoiar á vista dos problemas que atravesaba o sector. Era normal e tamén xusto que en Galicia se vende máis leite de aquí, e non a que veña de fora, aludindo ó leite de Francia.

Desde o grupo Compromiso CXG-CCTT Lalín, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, Alcalde-Presidente indicou que estaba de acordo coa moción, aínda que a mesma lle lembraba o proteccionismo que levou a varios conflitos bélicos.

Desde o grupo socialista, **D. José Manuel Hermida Arias** indicou que Galicia producía o oitenta por cento do leite que se consumía en España. Tendo en conta o peso deste sector no conxunto total e na economía, era conveniente tamén que na moción se engadise un apartado que recollese dirixirse ao Ministerio de Agricultura para facer unha campaña a nivel nacional, e non só limitada a Galicia.

Finalmente desde o grupo popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** matizou ao anterior voceiro, indicando que esa campaña a nivel nacional xa existía.

Sometida a votación ordinaria a moción mediante o sistema de man alzada, obtívose o apoio por **UNANIMIDADE** dos dezanove (19) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, (3) do PSdeG-PSOE, (1) da APAC e dez (10) do PP.

Xa que logo **APROBOUSE a moción** do seguinte tenor:

O sector lácteo galego en xeral e o deste concello en particular, veñen sufrindo unha crise de prezos que ten moito que ver cunha conxuntura mundial de exceso de leite producido e unha baixada xeneralizada do seu consumo, que rolda o 3 %. Nas explotacións galegas producen un

leite de excelente calidade motivado por unha mellora xenética importante: a suma de condicións xeográficas e un manexo excepcional das vacas. Impulsar o seu consumo e recoñecemento é traballo que está a desenvolver a Xunta de Galicia a través dunha campaña de promoción da marca “Galega 100%”, que identifica co seu selo o leite de calidade diferenciada producido nas explotacións da nosa comunidade.

Esta medida de valorización do noso produto de calidade complementarase en breve coa diferenciación dos produtos amparados pola marca nos lineais dos supermercados, de xeito que os consumidores e consumidoras poderán escoller máis doadamente o leite galego de calidade diferenciada. A maiores os galegos e galegas tamén teremos unha iniciativa promocional de tetrabriks pequenos de “Galega 100 %” para fomentar o consumo de leite entre os consumidores.

En consecuencia o **Pleno da Coproración ACORDOU**:

1. Solicitar á Consellería do Medio Rural e do Mar a adhesión á campaña promocional do leite de calidade diferenciada producida nas explotacións galegas “Galega 100%”.

2. Promover accións, en conxunto de colectivos sociais e empresariais deste termo municipal para levar a cabo accións de promoción de “Galega 100%” entre os consumidores en xeral.

3. Desenvolver esas medidas de inmediato, facendo fincapé, entre outros, nos seguintes aspectos:

- a) Difusión da campaña publicitaria de “Galega 100 %”.
- b) Accións de concienciación do consumo da nosa leite “Galega 100 %” nos centros educativos lalinenses.
- c) Accións de promoción e difusión entre o gremio hostaleiro mediante o reparto de leite amparado co selo “Galega 100 %”.
- d) Medidas de entrega de leite “Galega 100 %” nos principais eventos lúdico-festivos e deportivos do Concello de Lalín.
- e) Compra dunha partida deste leite por parte do Concello de Lalín para entregar ás Asociacións sen ánimo de lucro como O Mencer, Cáritas, Virxe das Dores, etc.

6.3.- MOCIÓN DO PP SOBRE O PROXECTO DE MELLORA DO SECTOR PORCINO NA COMARCA DO DEZA.

A Presidencia deu conta desta moción de data 11 de setembro de 2015 e rexistro de entrada do 14 de setembro co número 6195. A Continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao **ditame desfavorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 28 de setembro de 2015.**

Comezou o turno de voceiros, **D. Xosé Crespo Iglesias**, do Grupo Popular, explicando a moción. Salientou que desde o comezo o seu grupo sempre traballou a prol de promocionar o sector porcino, un dos sectores gandeiros da economía de Lalín. En concreto aproveitando unha subvención dos fondos europeos, a traveso da Deputación Provincial, dedicouse no programa Depodeza ao chamado “*porco lalaino*”. Do do estudo que se fixo había cousas que conviña aproveitar. Había tamén iniciativas en Santiago, Lugo e de Soprodeza. No programa actual pagáronse uns catrocentos sesenta mil euros nesta iniciativa. Coidaba que os estudos, traballos e

experimentos non podían perderse. Por elo presentaba a moción. Tamén lembrou que a axuda concedida era para isto: non podía dedicarse nin obterse outras axudas.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, indicou que fose cal fose a orixe da subvención, estaba claro que se pagou con cartos públicos.

Desde o grupo socialista, **D. Nicolás González Casares** indicou que a Aula Virtual pronto estaría en funcionamento, ao igual que o Laboratorio do Pazo de Liñares. Fixo números do importe gastado e dos poucos obxecto dos experimentos, indicando e resumindo que cada porco saía cun gasto de dezaioito mil euros, aportando cifras para chegar a este cálculo. Á vista deste gasto realizado ata hoxe, que consideraba excesivo, había que destacar que non había resultados espectaculares do mesmo. Xa que logo, o goberno municipal non ía contemplar nos orzamentos partida algunha para este gasto e programa. Esas cantidades destinaranse ao desenvolvemento urbano e a outros gastos máis xustificados desde o punto de vista social. Non polo tanto ao porco “lalaíno”.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que os datos, os estudos e a información obtida neses programa e en todo este tempo era un contido valioso e por elo privilexiado para Lalín, que non podía desaproveitarse sen máis. A día de hoxe non houbo tempo de obter uns resultados máis satisfactorios, porque os estudos estaban nunha fase aínda embrionaria. Pero coidaba que non se podían perder os traballos e estudos xa feitos e os resultados acadados ata hoxe. Pidiu apoiar a moción.

Por alusións, o actual Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, dixo que o goberno municipal de hoxe non cría neste proxecto; ao contrario, estaba máis interesado en solucionar as necesidades e as demandas dos cidadáns. Había unhas prioridades e unha preferencias do goberno en gastar os cartos públicos.

Rematou este debate **D. Xosé Crespo Iglesias**, para sinalizar que os fondos públicos en última instancia deste programa repercutirían nas pequenas explotacións gandeiras de Lalín na súa meirande parte.

Na moción pedíase a implicación do goberno municipal na continuidade do Proxecto de mellora do Sector Porcino na Comarca do Deza e a comparecencia do Alcalde-Presidente para explicar ao Pleno cales serían as instalacións que se ofrecerían á Deputación de Pontevedra, a contía das facturas e o desenvolvemento do programa.

Sometida a votación ordinaria a a moción, mediante o sistema de man alzada, obtivéronse os seguintes resultados:

Votos a favor: nove (9) do PP.

Votos en contra: nove (9), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE e un (1) da APAC.

Abstencións: unha (1) de D. José Antonio Varela Quintela (PP).

De acordo co disposto nos artigos 100.2 do ROF, aprobado polo R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e 46. 2.d) da Lei/85, de 2 de abril, RBRL, sometida a unha nova votación a moción, mediante o sistema de man alzada, por existir empate de votos na primeira, obtívose o seguinte

resultado:

Votos a favor: nove (9) do PP.

Votos en contra: nove (9), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE e un (1) da APAC.

Abstencións: unha (1) de D. José Antonio Varela Quintela (PP).

En consecuencia, **REXEITOUSE a moción** co voto de calidade do Sr. Presidente.

6.4.- MOCIÓN DO PP PARA A ADHESIÓN DE LALÍN AO PLAN DE TRANSPORTE METROPOLITANO NA ÁREA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

A Presidencia deu conta desta moción de data 16 de setembro de 2015 e rexistro de entrada do 23 de setembro co número 6426. A Continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 28 de setembro de 2015.**

Na rolda de voceiros **D. Xosé Crespo Iglesias**, do Grupo Popular explicou a moción. Afirmou que a comarca de Deza tería beneficios na súa economía no caso de entrar dentro da área turística de Santiago de Compostela e outras opcións e posibilidades para os veciños de Lalín. Indicou que inicialmente foron once concellos; posteriormente se adheriron os concellos de A Estrada e Vila de Cruces. Para Lalín era unha oportunidade que había que aproveitar.

Desde o goberno municipal, o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, salientou que estaban dispostos a apoiar. Indicou que xa tivo unha primeira reunión coa actual Consellería, *Sr^a. Ethel Vázquez*, na que amosou a súa boa disposición a que Lalín forme parte da mesma. As negociacións estaban abertas. Todo iso a pesar das xestións dalgún lalinense para que non fose así e non me recibise a dita conselleira.

Finalmente **D. Xosé Crespo Iglesias** matizou que se o actual Conselleiro de Cultura, ao que se refería supostamente o Sr. Alcalde, falase con unha conselleira para que non recibise ao mesmo ou a outra persoa, seguro que a *Sr^a. Conselleira* non o recibía. Non foi así, e rexeitou esas verbas do máximo mandatario.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o apoio por **UNANIMIDADE** co voto favorable de dezanove (19) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, (3) do PSdeG-PSOE, (1) da APAC e dez (10) do PP.

Xa que logo **APROBOUSE a moción** do seguinte tenor:

A Xunta de Galicia activou en xaneiro de 2011 o Plan de Transporte Metropolitano de Galicia co obxectivo fundamental de mellorar a mobilidade e accesibilidade nos concellos do contorno de todas as áreas metropolitanas, e polo tanto, que os cidadáns que habitan nestes entornos das grandes cidades galegas puidesen dispor dun mellor servizo de transporte público colectivo que servise como unha alternativa competitiva e eficiente ao transporte privado. A nova política tarifaria aplicada dentro do Plan de Transporte Metropolitano permite aportar grandes vantaxes

económicas ás persoas usuarias.

Co obxectivo posto na mellora da competitividade, calidade e eficiencia do servizo o Plan de Transporte Metropolitano apoia-se en dous piares fundamentais:

Integración tarifaria: Trócase o modelo quilométrico a un modelo zonal. Isto supón pasar de prezos baseados na distancia xeográfica entre os puntos de orixe e chegada a unha tarifa única para cada ámbito zonal previamente definido, sen que haxa diferenzas segundo o modo de transporte público utilizado, a empresa que preste o servizo e o número de transbordos que fagan as persoas usuarias na mesma viaxe.

Mellora das infraestruturas: o obxectivo é mellorar a información para a cidadanía nas terminais e puntos de parada. Para iso actúase sobre cuestións tales como a colocación e renovación de marquesiñas e postes de parada.

Ao abeiro deste PMT (Plan de Transporte Metropolitano) fóronse activando sucesivamente as distintas áreas, sendo a primeira a de A Coruña que se puxo en marcha o 24 de xaneiro de 2011 e que conta hoxe con 17 concellos asociados ao Plan. As Áreas de Santiago de Compostela (con 18 concellos) e de Ferrol (con 11 concellos) implantáronse respectivamente con data do 14 e do 21 de marzo de 2011, o Plan da Área de Lugo (8 concellos) implantouse o 5 de novembro de 2012 e o Plan da Área de Vigo (con 13 entidades municipais) implantouse o 27 de abril de 2015. No caso particular do PMT na área de Santiago incorporáronse nos últimos meses dous concellos do entorno de Lalín, os concellos de A Estrada e Vila de Cruces que forman parte do plan dende maio do presente ano.

No ámbito puramente económico, o PTM implica unha serie de beneficios para os cidadáns que se traducen nun aforro medio anual para un usuario frecuente do transporte público de entre 300 e 1200 euros, dependendo da orixe e o destino dos seus desprazamentos. No caso concreto dos dous concellos do noso entorno A Estrada e Vila de Cruces, o aforro para os veciños oscila, segundo os cálculos da xunta, entre un 30 % e un 50 % dependendo de se o pagamento se fai en efectivo ou se utiliza a tarxeta metropolitana. Citando casos concretos, o billete sinxelo en efectivo a Santiago (dende A Estrada) pasa de 3,25 euros a 2,80 pagado en efectivo e a 1,84 coa tarxeta metropolitana se se abonan máis de 40 viaxes. Todos os traxectos dentro do propio municipio manterían un prezo único de 1,53 euros no billete único e 0,85 euros coa tarxeta citada. A maiores, ao ser combinado co transporte urbano compostelán permitiría a utilización dos buses que percorren a cidade sen custo para os usuarios nos 9' minutos seguintes a finalizado o transporte interurbano co aforro de custos para poder chegar a calquera punto da cidade.

A implantación deste Plan en Lalín implicaría unha importante mellora no prezo dos desprazamentos dos usuarios lalinenses a Santiago, unha colectividade importante na que figuran estudantes, funcionarios, traballadores de empresas e fábricas de Santiago, e mesmo pacientes dos centros hospitalarios que verían non só reducido o prezo se non incrementadas as combinacións de transporte e mellorado o servizo de paradas e accesos a este medio.

En vista disto, **o Pleno da Corporación Municipal de Lalín ACORDOU:**

Instar ao grupo de goberno a que inicie as negociacións coa Xunta de Galicia para que o

Concello de Lalín poida adherir a maior brevidade posible ao Plan de Transporte Metropolitano na Área de Santiago como un máis dos 18 concellos que forman parte dela.

6.5.- MOCIÓN DO PP SOBRE A APERTURA DO REXISTRO MUNICIPAL POLAS TARDES.-

A Presidencia deu conta desta moción de data 9 de setembro de 2015 e rexistro de entrada do 11 de setembro co número 6146. A Continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 28 de setembro de 2015.**

O voceiro popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que a moción obedecía ás peticións dos veciños. Coidaban que o rexistro municipal tiña que estar aberto polas tardes para darlles este servizo aos mesmos.

Fixo historia desde a implantación da apertura do rexistro xeral polas tardes, cando catro funcionarios se turnaban por días para vir de quince a vinte horas pola tarde; logo a mesma persoa que facía tardes no gabinete atendía tamén ó rexistro xeral. A eles dáballes igual o sistema que se buscasse, con tal que o servizo se prestase o servizo aos veciños.

Interveu o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, para indicar que o servizo estaba sen prestarse. As verbas do voceiro popular non eran as mesmas que as que lle transmitiron os funcionarios municipais. O que o grupo de goberno pretendía era instalar a administración electrónica por vía *internet*, e con papel se fose necesario. Esta era a intención do goberno municipal, “e vaise facer”, precisou.

De todas formas, o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, indicou que todas as tardes unha grande parte dos concelleiros estaban no Concello atendendo aos seus despachos e delegacións, é dicir, non se quedaba ningún veciño sen atender.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** explicou que inicialmente foron “Rosa e Manolito” os que atendían este servizo de tardes; logo foron “*Belén e Fe Ramos*” desde a Alcaldía. O certo foi que sempre estivo aberto, e logo a súa Secretaria. Tamén indicou que a administración electrónica foi unha idea súa, do anterior grupo de goberno.

Rematou o debate **D. Rafael Cuíña Aparicio** para destacar que a intención era implantar efectivamente a administración electrónica, e que a meirande parte dos concelleiros estaban todas as tardes no Concello para atenderen á xente e ás súas delegacións.

Na moción pedíase instar ao goberno municipal a que recuperara o horario continuado de 08:00 a 20:00 horas de apertura do Concello para manter o funcionamento do rexistro municipal, a realización de tramitacións básicas e a consulta de información que se mantivo, antes do recorte do servizo a mediados do mes de xuño, de xeito ininterrompido dende xaneiro de 2007 a xuño de 2015.

Sometida a votación a moción do grupo de goberno mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: nove (9) do PP

Votos en contra: nove (9).dez (10), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE e un (1) da APAC.

Abstencións: unha (1) de D. José Antonio Varela Quintela (PP).

De acordo co disposto nos artigos 100.2 do ROF, aprobado polo R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e 46. 2.d) da Lei/85, de 2 de abril, RBRL, sometida a unha nova votación a moción, mediante o sistema de man alzada, por existir empate de votos na primeira, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: nove (9) do PP.

Votos en contra: nove (9), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE e un (1) da APAC.

Abstencións: unha (1) de D. José Antonio Varela Quintela (PP).

Así pois, **REXEITOUSE a moción** co voto de calidade do Sr. Presidente.

7.- COMPARECENCIA DE D. NICOLÁS GONZÁLEZ GASARES.-

O voceiro do Grupo Popular, **D. Xosé Crespo Iglesias**, en nome propio e do grupo municipal, presentou unha moción na anterior sesión plenaria en relación ao art. 105 apartado 1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais que regula a comparecencia dos membros do grupo de goberno, e solicita a comparecencia no vindeiro pleno do Primeiro Tenente de Alcalde do Concello de Lalín, Nicolás González Casares, para explicar os feitos ocorridos na madrugada do día 11 ao 12 de agosto na celebración festiva de Vilatuxe; en aras a seguir os mínimos requisitos de conduta que recolle a Lei de Transparencia acceso á información pública e ao bo goberno no artigo 26, apartado 6.

O Concello Pleno na súa sesión de 27 de agosto de 2015 aprobou a súa comparecencia.

1ª.- PREGUNTA.- Cando foi á festa de Vilatuxe: ¿como asistiu á mesma?, ¿como veciño ou como Tenente de Alcalde do Concello de Lalín?

Fun como veciño de Lalín cuns amigos.

2ª.- PREGUNTA.- ¿En que horario actúa vostede como Tenente de Alcalde? Ou: ¿Cando empeza e cando remata a súa vida como Tenente de Alcalde, Secretario local do PSOE e cando como veciño de Lalín?

O Secretario interveu para dar lectura ao artigo 70.1 da lei 7/1985, de 2 de abril, e para pedir que compría, antes de cualificar os feitos, coñecelos, aínda que fose dun xeito reservado.

3ª.- PREGUNTA.- ¿Pode vostede presentarse como veciño de Lalín e noutros casos como Tenente de Alcalde?

Como me parece. Na miña vida privada fago o que me parece.

4ª.- PREGUNTA.- ¿Pidiu desculpas a alguén polo seu proceder?

Si, desculpeime coas persoas oportunas.

O Sr. Secretario volveu pedir coñecer os feitos, aínda que fose dun modo reservado, porque non coñecía os feitos dos que falaban na comparecencia.

5ª.- PREGUNTA.- ¿Por que pediu desculpas?

Estimei oportuno pedilas; no eido da miña vida persoal actúo como entendo.

6ª.- PREGUNTA.- ¿Non coida vostede que debe dar explicacións da súa conduta?

Non, cando afecta á miña vida privada.

7ª.- PREGUNTA.- ¿Que esperaba do seu comportamento?

Só responderei das cuestións que afectan á miña delegación.

8ª.- PREGUNTA.- ¿Coida vostede que faltou ao respecto á xente de Lalín?

Non, non faltei ao respecto.

9ª.- PREGUNTA.- ¿Por que aceptou vostede a comparecencia?

Porque a solicitaron.

10ª.- PREGUNTA.- ¿Fixo vostede algún comentario no sentido de que os veciños de Vilatuxe eran uns aproveitados? ¿Pidiu desculpas por elo?

Sabe vostede que a miña nai é veciña de Vilatuxe. Non comentei nada diso. Non pedín desculpas a ningún colectivo, porque non o dixen. Só pedín desculpas a unha persoa.

O Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuíña Aparicio, deu por rematada esta comparecencia e baixo a súa responsabilidade, porque as preguntas formuladas eran improcedentes, xa que afectaban aos dereitos fundamentais do edil comparecente recollidos nos artigos 14 a 29 da CE. Engadiu que este era un dos espectáculos máis lamentables da súa corta vida política.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.-

8.1.- ROGOS.-

Formuladas de xeito verbal.

GRUPO POPULAR.-

D. Xosé Crespo Iglesias.-

ROGO.- Pide que se responda ás preguntas formuladas polo grupo Popular nas anteriores sesións plenarias e que ata hoxe non se responderon polo grupo de goberno.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

8.2.- PREGUNTAS.-

Presentadas por escrito.

GRUPO POPULAR.

Preguntas do Grupo Popular para o Pleno de setembro para que sexan respondidas antes do Pleno de outubro.

A).- Está a rematar o ano e deberíase estar traballando na obtención dos terreos necesarios para a ampliación do cemiterio da Romea. En vista de que non se tivo coñecemento de ningunha negociación nin tramitación neste senso -non sendo a supresión da partida que había contemplada nos orzamentos de 2015 para este cometido.

1ª.- PREGUNTA.- ¿Que se fixo dende que tomaron posesión ata hoxe no expediente de ampliación do cemiterio da Romea?

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

2ª.- PREGUNTA.- ¿Entenden que é necesaria e prioritaria a ampliación do cemiterio de Romea?

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

B).- A comezos do mandato aprobouse nun pleno a realización dun informe económico financeiro do Concello de Lalín que recollese a situación real das arcas municipais a 13 de xuño. Anunciaban vostedes que estaría preparado para este pleno do mes de setembro.

3ª.- PREGUNTA.- ¿Realizouse xa ese informe Económico Financeiro? Cales son os seus resultados?

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

4ª.-PREGUNTA.- ¿Entregarán copia do mesmo ao grupo da oposición?

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

C) O 9 de maio o Alcalde publicaba na súa conta de Facebook que, no caso de gobernar, nos tres primeiros meses de mandato poría en marcha un plan integral de apoio ao comercio

baixo co lema “Se é de Lalín é bo”. Visto que ata o de agora non se fixo.

5ª.-PREGUNTA.- ¿Ten previsto o goberno local poñelo en marcha?

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

6ª PREGUNTA. ¿Cando?

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

7ª. PREGUNTA.- ¿Que cantidade de fondos pensa investir?

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

D).- Tanto no mes de marzo en Facebook como posteriormente nalgunha das súas comparecencias na Praza da Igrexa, o alcalde gabábase de ter información privilexiada sobre a inminente implantación en Lalín dun gran grupo empresarial foráneo que ía xerar moitos postos de traballo.

¿Pódenos ampliar algunha información ao respecto?

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

Ten feito a Alcaldía algunha xestión para favorecer a chegada dese gran grupo empresarial?

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

E) O 26 de decembro de 2014, **Rafael Cuíña** anunciaba na súa conta de Facebook a súa intención de que, no caso de chegar á Alcaldía, asinaría ante notario que o seu salario fose integramente para cuestións de axuda social no concello. Aínda que ata o de agora non o fixo,

8ª. PREGUNTA.- ¿Ten previsto manter este compromiso?

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

9ª. PREGUNTA.- De non ser así, ¿ten previsto pedirlle desculpas aos veciños polo seu cambio de parecer?

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

F).- ¿Cando ten previsto o goberno local iniciar o proceso de elección dos novos pedáneos? O goberno local xa anunciou que nas parroquias nas que haxa unha soa candidatura votárase a favor ou en contra do /a aspirante, pero:

10ª.- PREGUNTA. ¿Que pasará se os veciños votan en contra do único/a candidato/a que se presente?

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

11ª.- PREGUNTA. ¿Ten previsto o goberno local ampliar o número de dedicacións exclusivas, no caso de que o BNG se integre no goberno?

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

Finalmente indicou o Sr. Crespo Iglesias que a el as preguntas formuladas ao comparecente non lle parecían incorrectas lembrando algunha sesión na que o voceiro socialista daquela, Sr. J. A. Cristóbal Fernández Vázquez lle fixo trinta ou corenta preguntas que tamén incidían no súa honra.

E, sendo as trece horas e corenta e cinco minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, e no mesmo lugar onde comezou, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e fedatario público dou fe.

O Alcalde.
Rafael Cuíña Aparicio

Dou fe. O Secretario Xeral.
César López Arribas